

REGULAMENTO DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVOS GRAOS

(Aprobado por Xunta de Facultade o 28 de setembro de 2011)

PREÁMBULO

A implantación das novas titulacións de grao adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) trae consigo unha serie de necesidades no que se refire á estrutura organizativa e de xestión. Entre elas cómpre sinalar a creación e posta en marcha dunha Comisión para a Implantación do Novo Grao para cada grao que se inicie.

Estas Comisións (unha para cada grao) constitúense como comisións asesoras de carácter coxuntural, segundo o artigo 39 do Regulamento de Réxime Interno (RRI) da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU).

En consecuencia, funcionarán como instancias de coordinación e asesoramento técnico para a implantación gradual dos novos estudos de grao no seo da FCETOU.

Polo seu carácter coxuntural estas comisións extinguíranse de forma natural unha vez teña desaparecido o motivo polo que foron creadas, é dicir, cando se teñan implantado os últimos cursos de cada grao.

O presente Regulamento ten por obxecto regular a definición, creación e funcionamento das Comisións para a Implantación dos Novos Graos que se impartan na FCETOU.

ART. 1: OBXECTO

1. Estas Comisións constitúense como instrumentos de apoio, asesoramento, formación e discusión, durante o proceso de implantación de novos graos, e co obxectivo de resolver dúbidas e problemas de forma conxunta durante a etapa de transición ao novo modelo.
2. De maneira fundamental hai que sinalar que o que se procura é a coordinación das persoas implicadas na nova titulación para así acadar unha planificación do ensino coherente cos obxectivos do plano de estudos de cada grao.

ART. 2: FINALIDADE E COMETIDOS

1. Serán funcións das comisións de implantación:
 - a) Avaliar o proceso de implantación e posta en marcha da nova titulación, nomeadamente no tocante á súa estrutura e funcionamento, propoñendo (no seu caso) liñas de actuación a fin de lograr melloras nos resultado do grao.
 - b) Proporcionar apoio durante o proceso de elaboración das guías docentes das materias.
 - c) Asesorar e informar sobre novas metodoloxías docentes e sistemas e criterios de avaliación adaptados ao EEES.
 - d) Establecer, se procede, metodoloxías, estratexias docentes e criterios de avaliación comúns.
 - e) Detectar necesidades materiais e formativas no desenvolvemento do proceso.
 - f) Diseñar conxuntamente o cronograma de actividades docentes para o curso, aplicando criterios de coherencia e equilibrio.
 - g) Aprobar a oferta de Traballos Fin de Grao (TFG) ofertada pola Facultade para cada nova titulación así como a súa asignación final ao alumnado.
 - h) Designar ao Tribunal (ou Tribunais) encargado de avaliar os TFGs.
 - i) Calquera outra función que se lle sexa asignada por algún órgano colexiado da Facultade.

ART. 3: COMPOSICIÓN

1. Haberá unha comisión para cada nova titulación de grao que se implante na Facultade.
2. Estas Comisións estarán compostas polo/a Decano/a, ou membro do equipo decanal no cal delegue, o/a Vicedecano/a de Implantación de Novos Graos e polo seguinte conxunto de membros:
 - a. O/A Coordinador/a da Titulación
 - b. Seis membros do persoal docente (PDI) que impartan docencia no correspondente grao (prioritariamente profesores/as coordinadores de materias). A representación de cada Departamento será proporcional á docencia que ten asignada no grao. Asemade, todos os membros deben selo da Xunta de Facultade.
 - c. Un/ha estudante (representante do grao correspondente)
 - d. Un membro do Persoal de Administración e Servizos (PAS).
3. Igualmente, poderán asistir ás reunións da Comisión, previa autorización por parte da mesma, outros membros da facultade.

ART. 4: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1. O funcionamento rexerese polo establecido no RRI respecto ás comisións asesoras.
2. O calendario das reunións será determinado pola propia Comisión en función das necesidades de cada momento. En todo caso deberase reunir como mínimo unha vez ao cuadrimestre.

DISPOSICIÓN FINAIS

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Facultade e substituirá ao vixente Regulamento de creación e funcionamento das Comisións para a Implantación do Grao en Administración e Dirección de Empresas e para a implantación do Grao en Turismo.

O presente regulamento queda condicionado á futura normativa que a Universidade de Vigo poida emitir para dirixir os procesos de implantación en todas as titulacións implicadas.